

4.4. prestacións sanitarias e sociais

O CAPÍTULO DIVÍDESE EN CINCO grandes apartados, nos que se estudian, os indicadores de saúde; o Servizo Galego de Saúde (Sergas); transplantes e doazóns; prestacións farmacéuticas e, finalmente, prestacións sociais.

Respecto ó primeiro punto, os indicadores de saúde considerados son da morbilidade e a sinistralidade. No apartado dedicado ó Sergas, analizados os aspectos orzamentarios en apartados anteriores deste capítulo, coméntanse variables como o número de camas, actividade cirúrxica ou a lista de espera cirúrxica. En terceiro lugar preséntanse os datos referidos ós transplantes e ás doazóns ó longo do último ano. O estudo céntrase posteriormente nas prestacións farmacéuticas, analizando o custo tanto no caso da atención primaria como no caso da atención especializada. Finalmente, no que ás prestacións sociais se refire, preséntanse aspectos relacionados cos acollementos ou adopcións.

O punto de partida do capítulo pode se-la presentación dos presupostos da

Xunta correspondentes á produción de bens públicos de carácter social para os anos 2002 e 2003. Como reflicte o **cadro 4.4.1.**, o presuposto ascendeu a 4.631,0 millóns de euros, un 4,8% máis que no ano anterior. A sanidade acolleu 2.381,4 millóns de euros, un 5,2% máis que no ano precedente, e a educación 1.651,6 millóns de euros, un 3,5% máis que en 2002.

No concerne á **actividade normativa** relacionada coas prestacións sanitarias, cómpre salienta-la *Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia*, que ten por obxecto a ordenación do sistema sanitario de Galicia, así como a regulación das distintas actuacións que permitan facer efectivo o dereito das persoas á protección da saúde.

A vertebración do sistema sanitario realízase tendo en conta, entre outros principios, os de orientación ós cidadáns e participación social, concepción integral de saúde, universalidade do dereito ás prestacións de cobertura pública, promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso ás prestacións e servicios sanitarios, calidade dos servicios, ou efectividade e eficiencia no desenvolvemento das súas funcións.

Nesta vertebración, configúrase o sistema como mixto, xa que xunto ó establecemento e regulación da rede galega de atención sanitaria de utilización pública, a lei reconece a importancia da actividade sanitaria privada para a universalidade do exercicio dos dereitos á prestación dos servicios da saúde, a promoción e o exercicio da equidade e o seu necesario equilibrio territorial.

A devandita lei determina as competencias sanitarias das diferentes administracións públicas de Galicia, así como as actuacións da Xunta en relación coa C.E. e as relacións de cooperación co Estado,

coas comunidades autónomas e coas comunidades galegas no exterior.

Finalmente, establece a ordenación e regulación do Sergas, a planificación sanitaria e as actuacións en materia de saúde pública e saúde laboral, a ordenación das prestacións e servicios sanitarios que configuran o dereito á protección á protección da saúde e á atención sanitaria no ámbito territorial de Galicia, a participación comunitaria nas actividades sanitarias, a fixación dos dereitos e obrigas dos cidadáns respecto dos servicios sanitarios e as infraccións e sancións, así como a formación e investigación sanitarias.

Indicadores de saúde

A análise da situación da saúde en Galicia, a partir dos datos facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública, a Dirección Xeral de Tráfico e o Sergas, baséase no estudo dos principais indicadores da mesma, como son a morbilidade e a sinistralidade.

A Xunta de Galicia aplica unha serie de medidas ou programas destinados á protección e promoción da saúde, como se recolle no **cadro 4.4.2**. No último ano dedicáronse un total de 21.818,2 miles de euros, un 12,6% máis que o dedicado o ano anterior, sendo as dúas primeiras partidas as do “Programa galego de vacinacións”, con 7.617,9 miles de euros, e “Prevención e control de enfermidades transmisibles”, con 3.828,8 miles de euros.

• Morbilidade

O **cadro 4.4.3** amosa os principais datos das enfermidades de declaración obrigatoria nos anos 2002 e 2003. Ó longo do último ano notificáronse un total de 142.724 casos de **gripe** en Galicia (106.116 casos en 2002), o que supón unha taxa de 5.187,9 casos por cada

4.4.1.

Producción de bens públicos de carácter social 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en miles de <E>)		(%)
Sanidade	2.263.624	2.381.427	5,2
Educación	1.595.246	1.651.610	3,5
Vivenda e urbanismo	170.796	179.858	5,3
Benestar comunitario	134.244	152.016	13,2
Cultura	162.296	169.801	4,6
Outros servicios sociais e comunitarios	91.969	96.285	4,7
Total	4.418.175	4.630.997	4,8

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.4.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	1.610,4	1.674,7	4,0
Coordinación e formación da saúde pública	223,7	120,0	-46,4
Progr. de actuacións preventivas e prevención da xordeira	480,8	-	-100,0
Prevención e control de enfermidades transmisibles	559,1	3.828,8	584,8
Detección precoz do cancro de mama	2.187,9	-	-100,0
Prevención individualizada	2.517,7	-	-100,0
Programa galego de vacinacións	6.641,9	7.617,9	14,7
Sistemas de información de saúde pública	223,3	390,8	75,0
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	1.316,6	1.368,6	4,0
Programas sanitarios	1.202,0	2.073,1	72,5
Control de riscos específicos	631,0	712,9	13,0
Control de riscos xerais	801,9	816,3	1,8
Software programa EEB	638,3	-	-
Equipamento informático saúde pública	345,0	376,8	9,2
Programas poboacionais de cribado	-	2.309,0	-
Programa de prevención e control de enfermidades non transm.	-	529,4	-
Total	19.379,8	21.818,2	12,6

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

4.4.3.

Enfermidades de declaración obrigatoria 2002-03

	2002			2003		
	número de casos	taxa/100.000 habs.	IEAC (1)	número de casos	taxa/100.000 habs.	IEAC (1)
Gripe	106.116	3.876,6	0,59	142.724	5.187,9	0,77
Tuberculose respiratoria	960	35,1	0,81	940	34,2	0,86
Meninxite tuberculosa	12	0,4	0,67	19	0,7	1,58
Meninxites víricas	284	10,4	1,46	324	11,8	1,58
Enf. meningocócica	81	3,0	0,72	87	3,2	0,87
Enf. invasiva por Hib.	6	0,2	1,00	7	0,3	1,00
Varicela	12.950	473,1	1,26	7.842	285,1	0,71
Sarampelo	1	0,0	0,14	3	0,1	0,75
Rubéola	15	0,5	0,68	4	0,1	0,18
Parotidite	1.063	38,8	8,30	143	5,2	0,93
Tose ferina	8	0,3	0,42	8	0,3	0,57
Toxinfeccións aliment.	988	36,1	0,85	1.181	42,9	1,15
F. tifoidea e paratifoidea	23	0,8	0,72	20	0,7	0,67
Hepatite A	17	0,6	0,45	11	0,4	0,35
Hepatite B	55	2,0	0,61	54	2,0	0,75
Outras hepat. víricas	286	10,4	0,89	253	9,2	0,74
Brucelose	34	1,2	1,62	12	0,4	0,55
Sifilis	42	1,5	0,84	60	2,2	1,18
Infec. Gonocócica	122	4,5	0,25	126	4,6	0,43

(1) índice epidémico acumulado

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública, Boletín Epidemiolóxico de Galicia

4.4.4.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2002-03

	2002		2003	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
Parto sen complicacións	9.181	3,30	9.616	3,20
Trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior	7.866	11,30	8.692	11,18
Insuficiencia cardíaca e choque	4.244	9,19	4.251	9,26
Quimioterapia	3.317	3,20	2.228	4,27
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.256	6,75	3.232	6,28
Parto con complicacións	2.999	4,08	3.012	3,70
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT	2.962	13,22	2.799	13,24
Cesárea sen complicacións	2.937	8,40	3.294	7,84
Enfermidade pulmonar obstructiva crónica	2.593	9,25	2.660	9,22
Substitución de cadeira excepto por complicacións	2.484	13,98	2.588	13,18
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.405	4,23	2.291	4,22
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.392	2,40	2.515	2,13
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.369	3,23	2.111	3,13
Psicose	2.153	21,17	2.268	21,21
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.148	3,59	2.206	3,58
Anxina de peito	2.083	7,46	2.099	7,69
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	1.979	2,96	2.076	2,57
Subtotal	57.368	-	57.938	-

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

Fonte: Sergas

100.000 habitantes (3.876,6 casos no ano anterior).

A **varicela** é a segunda enfermidade máis importante en canto ó número de casos, con 7.842 casos, presentando unha incidencia de 285,1 caso por cada cen mil habitantes no ano 2003. No ano anterior declaráronse un total de 12.950 casos, 473,1 casos por cada cen mil habitantes.

No que á **sida** se refire, no primeiro semestre do ano 2003 diagnosticáronse un total de 4 casos de sida, repartidos a partes iguais en Ourense e Lugo. Tendo en conta os datos acumulados ata ese período de tempo, en Galicia notificáronse un total de 3.104 casos (o 4,7% do total estatal), dos que 78,1% (2.425 casos) corresponden a varóns.

A vía de transmisión máis frecuente segue a se-la de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (66,9%), o que se confirma tanto en homes como mulleres (68,8% e 60,4%, respectivamente).

O **cadro 4.4.4.** recolle unha agrupación das altas en función da súa complexi-

dade (GRD), que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios excepto infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.616 e 8.692 episodios no ano 2003, respectivamente. As súas estadias medias foron de 3,2 e 11,2 días, fronte ós 3,3 e 11,3 días do ano anterior.

• **Sinistralidade**

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 4.4.5.** amosa que no ano 2003 en Galicia prodúcese, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, unha diminución do número de accidentes con vítimas mortais. Este ascendeu en Galicia a 299 accidentes no ano 2003 (2 menos que no ano anterior), representando o 8,7% do número total de accidentes mortais en España (3.446 accidentes).

No caso das persoas falecidas, o seu número redúcese no ano 2003 en 15 per-

4.4.5.

Accidentes de tráfico con vítimas mortais nas CC.AA. 2002-03

	Accidentes		Mortos	
	2002	2003	2002	2003
Andalucía	554	552	632	662
Aragón	140	178	177	216
Asturias	84	104	93	117
Baleares	74	78	81	91
Canarias	113	120	129	134
Cantabria	50	40	54	44
Castela-A Mancha	255	273	307	331
Castela e León	398	353	491	415
Cataluña	460	453	555	513
C. Valenciana	340	336	392	401
Extremadura	120	111	131	133
Galicia	301	299	353	338
Madrid	198	191	216	218
Murcia	109	114	127	131
Navarra	63	64	80	70
País Vasco	141	145	163	173
A Rioxa	34	35	45	45
Total	3.434	3.446	4.026	4.032

Fonte: Dirección General de Tráfico

soas respecto ó ano 2002, chegando ós 338 falecidos (o 8,4% do total de persoas falecidas en España).

En relación ós accidentes laborais, o **cadro C.2.10.** (*Accidentes e enfermidades profesionais 2002-03: distribución segundo a gravidade e sectores económicos*) reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia diminuíu no ano 2003 un 2,9% respecto ó ano precedente para situarse nos 46.190 accidentes (47.594 no ano 2002).

Por sectores, o 35,4% dos sinistros (16.349 accidentes) aconteceron no sector servizos; o 32,3% (14.933 accidentes), na industria; un 25,8%, no sector da construción (11.902), e o 6,5% restante (3.006), no sector primario.

Do total dos accidentes laborais con baixa rexistrados no ano 2003, o 97,6% corresponderon a accidentes leves (45.090 accidentes), e un 2,4% (1.100 accidentes) foron graves ou mortais.

O Servizo Galego de Saúde

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas nos capítulos 4.1.- Cobertura e finan-

ciamento e 4.2.- prestacións sanitarias e sociais, neste apartado farase referencia ós datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas e nos hospitais concertados, así como á actividade cirúrxica.

Os **cadros 4.4.6.** e **4.4.7.** amosan que os hospitais do Sergas, propios ou concertados, contaban no ano 2003 cun total de 9.291 camas instaladas, mentres que o número de camas instaladas no ano 2002 acadou as 9.304 camas. Os hospitais do Sergas acolleron no ano 2003 un total de 7.123 camas instaladas (o 76,7% do total das camas instaladas), das que 6.950 eran camas funcionantes.

Respecto á **actividade cirúrxica** nos hospitais do Sergas, **cadro C.4.11.** (*Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2002-03*), no ano 2003 diminúe o número de intervencións realizadas, acadando as 154.495 intervencións (10.369 menos que no ano precedente). Deste total, 118.221 intervencións son intervencións programadas (o 76,5%), mentres que as 36.274 intervencións restantes son intervencións urxentes (23,5%).

Atendendo á desagregación provincial, A Coruña é a que presenta o maior

4.4.6.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais do Sergas 2002-03

Hospitais	2002		2003	
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas	Camas funcionantes
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.404	1.385	1.430	1.430
F.H. Virxe da Xunqueira	76	74	76	74
C.Universitario de Santiago	1.175	1.090	1.180	1.095
F.H. da Barbanza	84	84	80	80
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	437	369	422	418
C.H. Xeral-Calde	795	706	795	724
H.C. da Costa	129	119	140	137
H.C. de Monforte	137	134	137	137
C.H. Ourense	874	837	851	849
H.C. de Valdeorras	95	94	94	94
F.H. de Verín	80	80	79	79
C.H. Pontevedra	601	560	581	573
C.H. Xeral Cies	669	669	666	666
H. Meixoeiro+Medtec	420	398	418	418
F.H. Salnés (1)	80	72	84	86
H. Nicolás Peña	90	82	90	90
Total	7.145	6.752	7.123	6.950

(1) actividade progresiva desde outubro de 2000
Fonte: Sergas

4.4.7.

Camas instaladas e funcionantes nos hospitais concertados do Sergas 2002-03 (1)

	2002		2003
	Camas instaladas	Camas funcionantes	Camas instaladas
Centro Oncolóxico de Galicia	50	50	80
Instituto Medico-Cirurxico San Rafael	120	120	141
Instituto Policlínico Santa Teresa S.A.	113	107	133
Sanatorio Cirúrxico Modelo S.A.	100	100	100
Hospital Xeral Juan Cardona	239	239	242
Instituto Policlínico A Rosaleda S.A.	74	74	86
Sanatorio N. Sra. da Esperanza	76	76	40
Sanatorio Neuropsiquiátrico Os Abetos, S.A.	-	-	25
Policlínico Lucense S.A.	99	99	99
Sanatorio N. Sra. dos Ollos Grandes	49	49	49
Centro Médico El Carmen	49	49	49
COSAGA	58	58	60
Sanatorio Miguel Dominguez	104	104	120
Sanatorio Marescot S.L.	60	55	55
Sanatorio Santa María S.L.	70	70	69
Sanatorio Ntra. Sra. de la Merced	45	45	49
Centro Medico El Castro Vigo S.A.	49	49	-
Centro Médico Gallego S.A. (Clínica Fatima)	236	236	200
Hospital da Cruz Vermella	70	69	70
Policlínico Vigo S.A.	498	377	501
Total	2.159	2.026	2.168

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: Sergas

4.4.8.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2002-03

	2002	2003	03/02
			(%)
Doantes de órganos	101	92	-8,9
Transplantes de órganos	294	281	-4,4
Transplante renal	121	129	6,6
Transplante hepático	109	86	-21,1
Transplante cardíaco	32	27	-15,6
Transplante pulmonar	22	30	36,4
Transplante pancreático	10	9	-10,0
Transplantes de tecidos	592	827	39,7
Trans. progenitos hematopoyético	142	134	-5,6
Transplante córneas	38	168	342,1
Transplante oso	341	432	26,7
Transplante vasos sanguíneos	22	14	-36,4
Transplante válvulas cardíacas	29	22	-24,1
Transplante membrana amn.	20	57	185,0

Fonte: Sergas, Oficina de coordinación de Transplantes

número de intervencións, con 64.980, o 42,1% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 46.574 intervencións (un 30,1%).

O número de pacientes na lista de espera cirúrxica en Galicia (a 31 de decembro de 2003) ascendeu a 31.535 persoas, sendo a súa demora media de 76,7 días.

Transplants e doazóns

Respecto ós transplantes en Galicia nos anos 2002 e 2003, o **cadro 4.4.8.** amosa unha redución dos mesmos no caso dos transplantes de órganos (un 4,4% menos) e un incremento no caso dos tecidos (un 39,7% máis). Entre os transplantes de órganos (281), cómpre salientalo predominio dos transplantes de ril (129) e fígado (86), realizándose 30 de pulmón, 27 de corazón e 9 de páncreas. Entre os transplantes de tecidos (827), os máis importantes corresponden ós de oso, con 432, e os transplantes de córneas, con 168.

En canto ás doazóns, no ano 2003 o número de doazóns ascendeu as 92, un 8,9% menos que no ano anterior (9 doazóns menos).

Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica no ano 2003 ascendeu a 793,5 millóns de euros, un 11,1% superior ó rexistrado no ano anterior. Deste custo, a meirande parte corresponde á atención primaria, que ascende a 656,6 millóns de euros (un 10,3% máis que en 2002), e os 137,3 millóns restantes (un 15,3% máis), á atención especializada.

No concernente á prestación farmacéutica no caso da atención primaria o custo da prestación por cidadán foi de 255,88 euros no ano 2003 fronte ós 132,62 euros do ano anterior, sendo o gasto far-

macéutico medio por pensionista de 662,22 euros (**cadro C.4.12. Prestación farmacéutica en atención primaria 2002-03**).

O número de receitas dispensadas ascendeu en 2003 a 48.788 miles de receitas das que as persoas pensionistas facturaron un total de 35.171 miles de receitas. No ano 2003 medrou o custo medio por receita en Galicia pasando dos 13,52 euros do ano 2002 ós 14,01 euros do ano 2003.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 4.4.10.** reflicte que é a provincia de A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 253,3 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 201,8 millóns de euros.

Tendo en conta o número de receitas, o devandito **cadro 4.4.10.** reflicte que o custo da prestación farmacéutica por receita foi de 13,46 euros en Galicia (13,07 euros en 2002). A provincia de Lugo, cun custo de 14 euros, foi a que presentou o custo máis elevado, seguíndolle Ourense, con 13,75 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 13,4 euros e en A Coruña, a 13,19 euros.

Respecto ó custo da prestación farmacéutica en atención especializada, dos 137,3 millóns de euros totais, o 60,1% (82,6 millóns de euros) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 59,1% restante, 54,7 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 4.4.11.** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou un 23,7%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu crecemento foi do 4,6%.

Prestacións sociais

O **cadro 4.4.12.** amosa, a modo de resumo, os principais datos do acollemen-

4.4.9.

Custo da prestación farmacéutica 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en miles de €)		(%)
Galicia			
Atención primaria	595.423,9	656.618,1	10,3
Atención especializada	119.094,6	137.338,8	15,3
Total	714.518,5	793.956,8	11,1

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

4.4.10.

Custo da prestación farmacéutica en atención primaria 2002-03

	Gasto			Receitas			Gasto/receitas		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(en miles de €)					(%)	(en €)		
A Coruña	229.760,8	253.309,7	10,2	17.905.890	19.210.115	7,3	12,83	13,19	2,8
Lugo	95.814,4	104.237,4	8,8	7.109.307	7.444.126	4,7	13,48	14,00	3,9
Ourense	88.901,1	97.282,9	9,4	6.692.212	7.076.551	5,7	13,28	13,75	3,5
Pontevedra	180.947,6	201.788,1	11,5	13.849.189	15.057.059	8,7	13,07	13,40	2,6
Total	595.423,9	656.618,1	10,3	45.556.598	48.787.851	7,1	13,07	13,46	3,0

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

4.4.11.

Custo da prestación farmacéutica en atención especializada 2002-03

	2002	2003	03/02
	(en millóns de €)		(%)
Pacientes hospitalizados	52,3	54,7	4,6
Pacientes non hospitalizados	66,8	82,6	23,7
Total	119,1	137,3	15,3

Fonte: Sergas, División de farmacia e produtos sanitarios

4.4.12.

Tipos de acollementos 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Acollementos sen remunerar					
Nº de acollementos	94	8	33	34	169
Nº de menores acollidos	119	16	45	53	233
Acollementos remunerados					
Nº de acollementos remunerados	252	44	75	360	731
Nº de menores acollidos	358	62	113	526	1.059
Acollementos especiais					
Nº de acollementos remun.	8	14	4	13	39
Portadores de VIH	1	-	-	-	1
Minusvalía física e psíquica	-	-	-	-	-
Minusvalía física	1	1	-	5	7
Minusvalía psíquica	4	3	2	5	14
Nai menor de idade	-	-	-	-	-
Grupo de irmáns	-	4	1	3	8
Minusvalidez sensorial	-	1	-	-	-
Outras	2	5	1	-	8
Nº de menores acollidos	11	22	7	30	70

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

4.4.13.

Datos de adopcións nacionais 2003

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Solicitudes abertas	75	34	26	85	220
Solicitudes arquivadas	97	10	15	70	192
Solicitudes idóneas. Lista de espera	373	172	122	413	1.080
Resolucións de acollemento preadoptivo	24	-	7	43	74
Propostas de adopción realizadas	25	3	9	32	69
Autos de adopción producidos	43	7	19	12	81
Menores en acollemento preadoptivo	43	4	11	40	98

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

4.4.14.

Expedientes tramitados de adopcións internacionais 2003: distribución segundo país de orixe

	Exped. tramitados pola D. X. de Familia vía Ministerio Asuntos Sociais				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Brasil	1	-	-	1	2
Colombia	-	-	1	1	2
Costa Rica	-	-	-	-	-
China	14	3	1	8	26
Etiopía	20	1	-	33	54
Filipinas	-	-	-	2	2
India	-	-	-	-	-
México	-	-	-	-	-
O Salvador	1	-	-	-	1
Panamá	3	-	-	-	3
Rep. Dominicana	1	-	-	-	1
Rusia	-	-	-	1	1
Tailandia	-	-	-	-	-
Ucraina	2	2	-	-	4
Venezuela	-	-	-	-	-
Total	42	6	2	46	96

	Exped. tramitados pola D. X. De Familia vía ECAI en Galicia				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bolivia	5	-	1	3	9
Bulgaria	-	-	2	-	2
Colombia	21	5	-	20	46
China	18	4	4	2	28
Romanía	1	-	-	-	1
Rusia	16	3	5	21	45
Total	61	12	12	46	131

	Exped. tramitados vía ECAI noutras comunidades autónomas				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bulgaria	6	2	-	2	10
China	-	1	-	-	1
Costa Rica	-	-	-	1	1
Etiopía	-	-	-	1	1
Hungría	2	-	-	1	3
India	4	-	-	-	4
Kazajstan	1	-	-	-	1
Nepal	1	-	-	-	1
Rusia	-	-	-	2	2
Total	14	3	-	7	24

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

4.4.15.

**Menores de orixe estranxeira asignados ás familias no ano 2003:
distribución segundo país de orixe**

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Bolivia	-	-	-	3	3
Brasil	2	-	-	1	3
Bulgaria	-	-	-	1	1
China	5	-	1	11	17
Colombia	10	2	-	13	25
Ecuador	3	1	-	-	4
Etiopía	9	-	-	26	35
México	-	1	-	-	1
Panamá	1	-	-	-	1
Perú	2	-	-	1	3
Romanía	1	-	-	1	2
Rusia	9	1	-	4	14
Total	42	5	1	61	109

Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Estatística de adopcións e acollementos

to familiar en Galicia. No ano 2003 o número de acollementos ascendeu a 939 (770 son acollementos remunerados) e o número de menores acollidos foi de 1.362, dos que 1.129 menores acollidos o son mediante acollementos remunerados.

O **cadro 4.4.13.** reflicte un resumo dos principais datos estatísticos de adopción nacional no ano 2003. Respecto ás solicitudes, o número de solicitudes de adopción nacional abertas ascendeu a 220, sendo o de solicitudes arquivadas de 192, ou o número de “solicitudes idóneas. Lista de espera” de 1.080 solicitudes. O número de autos de adopcións producidos no ano 2003 ascendeu a 81, dos que 43 en A Coruña e 19 foron na provincia de Ourense.

No caso dos expedientes de adopcións internacionais, o número de expedientes tramitados ascendeu a 251, dos que 96 foron tramitados pola Dirección Xeral de Familia vía o Ministerio de Asuntos Sociais, e 155 vía Entidades Colaboradoras de Adopción Internacional (131 en Galicia e 24 noutras CC.AA.). Por provincias, dos 251 expedientes tramitados, 117 corresponden a A Coruña e 99 a Pontevedra.

Os principais países no caso da tramitación de expedientes de adopción internacional no ano 2003 son Etiopía,

Colombia e Rusia, con 55, 48 e 45 expedientes, respectivamente.

O número de menores de orixe estranxeira asignados ás familias galegas no ano 2003 ascendeu a 109 (61 deles na provincia de Pontevedra), dos que 35 provén de Etiopía, 25 de Colombia, 17 de China, e 14 de Rusia. ■